

## **INSTRUCCIÓN PARA CUBRIR O IMPRESO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTUACIÓN MENORES DE MANTEMENTO E/OU CONSERVACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO**

Estas instrucións manteranse actualizadas e poderanse consultar na páxina web <http://augasdegalicia.xunta.es> ou ben contactando con Augas de Galicia:

Augas de Galicia  
Praza Camilo Díaz Baliño 7-9  
15781 Santiago de Compostela  
A Coruña  
Tel.: 981 545 381 Fax: 981 981 541 943  
Correo electrónico: [augasdegalicia@xunta.es](mailto:augasdegalicia@xunta.es)

### **¿QUÉ É UNHA DECLARACIÓN RESPONSABLE PARA ACTUACIÓN MENORES DE MANTEMENTO E / OU CONSERVACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO HIDRÁULICO?**

Enténdese por declaración responsable o documento suscrito polo/a interesado/a no que manifesta que, baixo a súa responsabilidade, cumpre cos requisitos establecidos na normativa vixente para a realización de actuacións menores de conservación do dominio público hidráulico na bacía Galicia-Costa, que dispón da documentación que así o acredita e que se compromete a manter o seu cumprimento durante o exercicio das actuacións que motivan a declaración.<sup>1</sup>

A omisión, inexactitude ou falsidade de carácter esencial en calquera dato, manifestación ou documento que se acompañe ou incorpore a esta declaración responsable ou a non presentación ante Augas de Galicia desta, determinará a imposibilidade de continuar co exercicio da actividade afectada dende o momento no que se teña constancia de tales feitos, sen prexuízo de responsabilidades penais, civís ou administrativas que puideran derivarse.<sup>2</sup>

Esta declaración responsable deberá rexistrarse en Augas de Galicia cun período mínimo de antelación de 15 días hábiles antes de iniciar a actuación para que poida comprobarse a súa compatibilidade cos usos previstos para as augas, en aras da protección da súa calidade.<sup>3</sup>

Este prazo comeza a contar dende a data na que a declaración responsable teña entrada en calquera dos rexistros de Augas de Galicia.

O Decreto 1/2015, do 15 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da planificación en materia de augas de Galicia e se regulan determinadas cuestións en desenvolvemento da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, na súa disposición adicional segunda, dispón o seguinte, en relación coas actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico:

<sup>1</sup> De acordo co establecido no artigo 71 bis.1 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na redacción que lle da o artigo 2 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 23 de decembro).

<sup>2</sup> De acordo co establecido no artigo 71 bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na redacción que lle da o artigo 2 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 23 de decembro).

<sup>3</sup> De acordo co establecido no artigo 51.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril, na redacción que lle da o artigo 5 do Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Lei 17/2009, do 23 de novembro, sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 27 de marzo).

*Considéranse actuacións menores de mantemento e conservación do dominio público hidráulico, sempre que se executen fóra de espazos protexidos, as seguintes:*

- a) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que impidan accesos á canle ou á súa servidume de paso, sempre que non impliquen perda do substrato arbóreo da ribeira.*
- b) Retirada de árbores mortas e podas de árbores que reduzan a capacidade da canle.*
- c) Retirada de elementos arrastrados pola corrente que obstrúan a canle e especialmente nas obras de paso sobre ela, ou que constitúan un elemento de degradación ou contaminación do dominio público hidráulico.*
- d) Mantemento das seccións de medición de caudais das redes oficiais de estacións de medición.*

*A execución destas actuacións realizarase logo da presentación a Augas de Galicia, cun mínimo de quince días de antelación, dunha declaración responsable, de acordo co modelo que se aprobe, pola que o/a promotor/a se comprometa ao cumprimento dos requisitos establecidos. Augas de Galicia reserva para si a facultade de comprobar a veracidade e exactitude dos datos consignados na declaración, dispoñendo para estes efectos as oportunas tarefas de inspección.. Promoverase a colaboración coas entidades locais para a execución destas actuacións.*

## **ACERCA DO/DA DECLARANTE**

O/A declarante é a persoa física ou xurídica que promove e/ou realiza as actuacións obxecto da declaración responsable. Queda baixo a súa responsabilidade o cumprimento dos requisitos que se reflicten na súa declaración e comprométese a manter o seu cumprimento durante o desenvolvemento das actuacións que motivan a declaración.

O/A declarante é o/a responsable de que todas aquelas persoas que participen nesta actividade cumpran cos requisitos establecidos nesta.

## **¿CÓMO CONSEGUIR O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE?**

Pode descargar o modelo de declaración responsable na páxina web de Augas de Galicia <http://augasdegalicia.xunta.es> ou ben en calquera das oficinas de Augas de Galicia.

## **¿CÓMO CUBRIR O MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE?**

Cubra o impreso con letras maiúsculas ou caracteres lexibles.

As declaracións responsables que non sexan cumprimentadas con todos os requisitos descritos serán denegadas e non permitirán o inicio das actuacións obxecto da declaración.

**Os campos sinalados cun asterisco (\*) na declaración responsable son de obrigado cumprimento.**

**Lea atentamente cada un dos seguintes apartados para asegurarse de que cumpre en cada caso con todos os requisitos esixidos.**

### **1. Datos do/a declarante:**

Indique os datos de contacto do/a declarante que se responsabiliza do cumprimento dos requisitos que veñen reflectidos na súa declaración.

### **2. Representante legal asinante da declaración responsable:**

Cubra este campo cando os datos de contacto, para o envío de información ao declarante, non coincidan cos datos do declarante.

Se o/a declarante é unha persoa xurídica, deberá indicar os datos de contacto do/a seu/súa representante legal con poder de sinatura.

Cando a información remitida pola Administración non atope destinatario, arquivarase o expediente.

### 3. Localización:

No caso de que as actuacións a realizar teñan distintas localizacións deberá achegarse una tabla descriptiva destas que se incluírá dentro da memoria a presentar.

**IMPORTANTE: AS ACTUACIÓNS EN ESPAZOS PROTEXIDOS DEBERÁN SER OBXECTO DUNHA AUTORIZACIÓN ESPECÍFICA.**

### 4. Datos da actuación:

Indicar o tipo de actuación.

### 5. Prazo declarado:

O prazo máximo será de 3 meses e deben indicarse as datas nas que se pretende levar a cabo as actuacións.

**Previamente ao inicio das actuacións deberase contactar coa correspondente oficina territorial de Augas de Galicia, para comunicar as datas exactas da execución:**

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte: 981 182 542

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Centro: 981 545 088

Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Sur: 986 817 150

Oficina de Augas de Galicia en Lugo: 982 889 084

Oficina de Augas de Galicia en Ourense: 988 386 265

### 6. Documentación que se achega:

Xunto coa declaración responsable, deberá achegarse a seguinte documentación:

- Memoria descriptiva das actividades, que consiste nunha breve descrición das actividades a levar a cabo.
- Esbozo ou plano de planta da zona, na que quede marcada a superficie sobre a que se pretende actuar.

### 7. Outras prescricións:

- Esta declaración non exclúe a solicitude doutras autorizacións que poidan ser necesarias para o exercicio da actividade descrita.
- Deberán respectarse outras limitacións impostas por outras administracións que poidan condicionar o exercicio das actividades declaradas: razóns medio ambientais, necesidade de licenzas municipais ou outras exercidas no ámbito das correspondentes competencias.
- A comprobación por parte da administración pública da inexactitude ou falsidade en calquera dato, manifestación ou documento de carácter esencial achegado ou do incumprimento dos requisitos sinalados na lexislación vixente determinará a imposibilidade de continuar coas actuacións dende o momento no que se teña constancia destes feitos, sen prexuízo das responsabilidades civís, penais ou administrativas que se deriven. A resolución que declare tales circunstancias, poderá determinar a obriga de repoñer as cousas ao estado previo ao inicio da actividade, así como a imposibilidade de instar un novo procedemento co mesmo obxecto durante un período de tempo determinado.<sup>4</sup>
- Considerarase unha infracción administrativa, que poderá ser sancionada con multas de ata trinta mil euros (30.000 €), no caso de cualificarse como leve:

<sup>4</sup> De acordo co establecido no artigo 71 bis.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común, na redacción que lle da o artigo 2 da Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei sobre o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 23 de decembro).

- a) A non presentación da declaración responsable ou o incumprimento das previsións contidas na declaración responsable para o exercicio dunha actividade ou das condicións impostas pola Administración para o exercicio desta.
  - b) A inexactitude, falsidade ou omisión nos datos, manifestacións ou documentos que se incorporen ou acompañen á declaración responsable.
- As actuacións de limpeza ou mantemento realizaranse con medios mecánicos lixeiros, preferiblemente dende a beira do río.
  - Non se actuará sobre o perfil orixinal do leito nin se tocarán os sedimentos.
  - Non se realizará ningunha actuación que supoña a modificación do río e se manterá en todo momento o caudal ecolóxico deste.
  - Eliminaranse só a madeira de ramas e troncos de árbores mortas caídas dentro da canle do río que supoñan un obstáculo ao fluxo ou un elemento de retención de flotantes, ou que impidan o acceso á zona de servidume de paso.
  - As podas de ramas realizaránse unicamente sobre aquelas que poidan afectar á sección do río en crecidas ordinarias.
  - Non se retirarán cepas nin se removerán as raíces de especies de ribeira polas erosións que poidan vir asociadas.
  - Evitarase o abasto na ribeira inmediata agás durante o labor de despexe.
  - Terase especial coidado na remoción de vexetación no contorno de obras de fábrica especialmente de pedras, posto que en certas ocasións supón un elemento de cohesión do mesmo.
  - Xestionarase o material removido como residuo que corresponda: forestal, inerte, urbano, etc...
  - As actuacións respectarán a servidume de paso definida no Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.
  - Cumpriranse as instrucións e indicacións do persoal de Augas de Galicia, que poderán realizar en calquera momento as inspeccións que estimen pertinentes.
  - Salvo oposición expresa de Augas de Galicia, poderá realizarse a actividade unha vez transcorran 15 días dende a entrada da declaración responsable nun rexistro de Augas de Galicia, todo isto sen prexuízo das autorizacións que fosen necesarias fóra do ámbito competencial de Augas de Galicia.

## **UNHA VEZ CUBERTA A DECLARACIÓN RESPONSABLE ¿CANDO PODO COMEZAR COAS ACTUACIÓNS?**

Unha vez cumprimentada a declaración responsable o/a declarante deberá:

1. Datar e asinar a declaración. No caso de representación legal deberá asinar o/a representante con poder de sinatura do declarante.
2. Poderá presentar a súa declaración responsable nas oficinas de Augas de Galicia ou por calquera outro medio establecido legalmente, incluída a presentación nas oficinas de correos para o envío ás correspondentes direccións de Augas de Galicia:
  - Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Norte. Edificio administrativo de Monelos. r/ Vicente Ferrer 2-9º, 15008 A Coruña
  - Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Centro. r/Tomiño 16 baixo, 15704 Santiago de Compostela
  - Servizo Territorial da Zona Hidrográfica Galicia-Sur. r/San Salvador, 2-4º, 36201 Vigo
  - Oficina de Augas de Galicia en Lugo. r/ Ronda da Muralla, 70-2º, 27071 Lugo
  - Oficina de Augas de Galicia en Ourense. r/ Sáenz Díez 1, 32003 Ourense
  - Augas de Galicia-Servizos Centrais. Praza de Camilo Díaz Baliño 7-9, 15781 Santiago de Compostela

A declaración responsable deberá presentarse cun período mínimo de antelación de 15 días hábiles antes de iniciar a actividade contados dende a data de rexistro da declaración responsable nas oficinas de Augas de Galicia.<sup>5</sup>

Non se rexistrarán as declaracións responsables enviadas por correo electrónico, fax ou calquera outro medio que non establezan as disposicións vixentes.<sup>6</sup>

**Tras a presentación da declaración responsable e unha vez transcorrido o prazo de 15 días hábiles fixado polo organismo de bacía, o interesado poderá iniciar a actividade declarada.**

**No caso de incompatibilidade do contido da declaración responsable coa protección e os fins do dominio público hidráulico, Augas de Galicia notificará ao/á declarante unha resolución motivada da imposibilidade de levar a cabo esta actividade.**

---

<sup>5</sup> De acordo co establecido no artigo 51.2 do Regulamento do dominio público hidráulico, que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI e VII da Lei 29/1985, do 2 de agosto, de augas, aprobado polo *Real decreto 849/1986, do 11 de abril*, na redacción que lle da o artigo 5 do Real Decreto 367/2010, do 26 de marzo, de modificación de diversos regulamentos da área de medio ambiente para a súa adaptación á Ley 17/2009, do 23 de novembro, sobre *o libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio*, e á Lei 25/2009, do 22 de decembro, de modificación de diversas leis para a súa adaptación á Lei de libre acceso ás actividades de servizos e o seu exercicio (BOE do 27 de marzo).

<sup>6</sup> De acordo co establecido no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.